

actividades que prevexa desenvolver durante o exercicio seguinte xunto cunha previsión das partidas de ingresos e gastos e unha memoria explicativa deste, e a realizar as preceptivas comunicacións ao protectorado nos supostos legalmente establecidos.

Cuarto.-Esta orde producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e contra ela poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Consellería de Traballo e Benestar no prazo dun mes ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no prazo de dous meses, contados en ambos os dous casos a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo o disposto nos artigos 109, 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago Compostela, 10 de novembro de 2009.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Orde do 20 de novembro de 2009 pola que se amplía o prazo para a xustificación dos gastos da cantidade adxudicada a cada asociación beneficiaria da Orde do 6 de xullo de 2009 pola que se establecen axudas para o fomento de actuacións destinadas á protección e benestar dos animais domésticos realizadas por asociacións protectoras de animais domésticos.

A Orde do 6 de xullo de 2009 (DOG nº 141, do 21 de xullo) estableceu axudas para o fomento de actuacións destinadas á protección e benestar dos animais domésticos realizadas por asociacións protectoras de animais domésticos.

O número 4º do artigo 12 da dita orde establece que, para o pagamento da cantidade adxudicada a cada asociación beneficiaria, a documentación xustificativa dos gastos de atención sanitaria e mantemento nutricional estipulados no artigo 5 da orde deberá ser presentada no período abranguido entre o 16 e o 30 de novembro de 2009 en calquera dos lugares mencionados no artigo 6.5º. Debido á demora da xestión destas axudas é imposible cumprir esta data, polo que é necesario ampliar o dito prazo. Ao mesmo tempo, o dito prazo está limitado pola Orde do 6 de novembro de 2009 pola que se regulan as operacións de cerramento do exercicio de 2009, que condiciona esta ampliación.

En consecuencia, de conformidade co disposto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia,

e no uso das facultades que me confire a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.

Primeiro.-O prazo para a xustificación dos gastos de atención sanitaria e mantemento nutricional que consta no número 4º do artigo 12 da Orde do 6 de xullo de 2009, amplíase ata o 4 de decembro de 2009.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo que se establece para a presentación de solicitudes de axuda na devandita Orde do 6 de xullo de 2009.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2009.

Samuel Jesús Juárez Casado
Conselleiro do Medio Rural

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 19 de novembro de 2009 pola que se fai público o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, polo que se modifican as bases reguladoras dos incentivos económicos para a aprobación de apoios específicos á provincia de Lugo.

Mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009 (DOG nº 31, do 13 de febreiro) publicouse a modificación das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Instituto Galego de Promoción Económica.

Nos últimos anos a provincia de Lugo veuse afectada pola desaceleración no desenvolvemento das empresas existentes así como por unha menor implantación de novas iniciativas empresariais. O freo no dinamismo do seu tecido empresarial vén orixinado, principalmente, pola súa menor capacidade de atracción de novos proxectos investidores fronte a outras zonas limítrofes de fóra de Galicia e Portugal que poden ofrecer maiores apoios e servizos.

Para os efectos de contrarrestar esta desvantaxe que pode afectar o desenvolvemento económico e social da provincia, considérase prioritario que o Igaape, a través das súas liñas de axuda, prime os investimentos que se acometan na provincia de Lugo.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 24 de setembro de 2009, aprobou o programa Impul-

sa-Lugo, no cal se establecen, entre outras, as medidas transitorias de apoio ao investimento.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 20 de outubro de 2009, acordou a modificación das bases reguladoras dos incentivos económicos para a aprobación de apoios específicos á provincia de Lugo.

Por todo o anterior e en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar a modificación das bases reguladoras dos incentivos económicos para a aprobación de apoios específicos á provincia de Lugo feitas públicas mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009 (DOG nº 31, do 13 de febreiro), incluíndo a seguinte disposición adicional:

«Disposición adicional primeira:

Para os proxectos presentados ao abeiro do artigo 4º.-Proxectos de investimento empresarial superior a 500.000 € e servizos avanzados intensivos en emprego que se van implantar na provincia de Lugo adoptaranse as seguintes medidas de prioridades específicas:

1. Nas publicacións de crédito asignado ás convocatorias estableceranse reservas de crédito específicas para proxectos que se desenvolverán nesta provincia.

2. Nos criterios de avaliación e selección de proxectos, o criterio localización avaliarase co valor máximo para os proxectos que se van desenvolver nesta provincia.

3. Para proxectos de primeira implantación en Galicia, garántese unha axuda mínima do 20% do investimento subvencionable nos proxectos previstos no artigo 4º.1 e para proxectos de creación de establecementos que non sexan considerados de primeira implantación, ampliación, modernización ou innovación tecnolóxica do mesmo artigo, garántese unha axuda mínima do 15% dos custos subvencionables.

4. Nos proxectos de investimento empresarial o investimento mínimo previsto no artigo 4º.1 da base de incentivos a proxectos de investimento empresarial redúcese a 200.000 €.

5. Elévase o límite máximo de acumulación de subvencións do 30% ao 50% para investimentos que realicen pequenas empresas, e ao 40% para medianas empresas.

6. Estas medidas seranlle de aplicación ás solicitudes non resoltas presentadas desde o 24 de setembro de 2009».

Segundo.-Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de novembro de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

Resolución do 19 de novembro de 2009 pola que se fai público o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica, polo que se modifican as bases reguladoras dos incentivos económicos para a aprobación de apoios específicos á provincia de Ourense.

Mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009 (DOG nº 31, do 13 de febreiro) publicouse a modificación das bases reguladoras dos procedementos de tramitación das liñas de axuda do Instituto Galego de Promoción Económica.

Nos últimos anos a provincia de Ourense veuse afectada pola desaceleración no desenvolvemento das empresas existentes así como por unha menor implantación de novas iniciativas empresariais. O freo no dinamismo do seu tecido empresarial vén orixinado, principalmente, pola súa menor capacidade de atracción de novos proxectos investidores fronte a outras zonas limítrofes de fóra de Galicia e Portugal que poden ofrecer maiores apoios e servizos.

Para os efectos de contrarrestar esta desvantaxe que pode afectar o desenvolvemento económico e social da provincia, considérase prioritario que o Igape, a través das súas liñas de axuda, prime os investimentos que se acometan na provincia de Ourense.

O Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do 22 de outubro de 2009, aprobou o programa Impulsa-Ourense, no cal se establecen, entre outras, as medidas transitorias de apoio ao investimento.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 16 de novembro de 2009, acordou a modificación das bases reguladoras dos incentivos económicos para a aprobación de apoios específicos á provincia de Ourense.

Por todo o anterior e en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Primeiro.-Publicar a modificación das bases reguladoras dos incentivos económicos para a aprobación de apoios específicos á provincia de Ourense feitas públicas mediante Resolución do 5 de febreiro de 2009 (DOG nº 31, do 13 de febreiro), incluíndo a seguinte disposición adicional:

«Disposición adicional segunda:

Para os proxectos presentados ao abeiro do artigo 4º.- Proxectos de investimento empresarial superior a 500.000 € e servizos avanzados intensivos en emprego que se van implantar na provincia de Ourense adoptaranse as seguintes medidas de prioridades específicas:

1. Nas publicacións de crédito asignado ás convocatorias estableceranse reservas de crédito específi-